Bo día:

Este oficio vai destinado aos seguintes colectivos:

1. Direccións dos **grupos de traballo** da CiUG (de quen solicitamos a súa colaboración para que lles reenvíe esta mensaxe aos membros dos grupos de traballo. Todos os compoñentes do grupo o teñen que cubrir se van participar na PAU 2026).
2. Decanatos e dirección de **centros universitarios.**
3. Equipos directivos de **centros de ensinanzas medias** que impartan bacharelato, **escolas de idiomas** e **conservatorios de música**.
4. **Inspeccións** de ensinanzas medias.
5. Equipos directivos de **centros de FP** que impartan ciclos superiores.

O profesorado de FP pode solicitar participar nas comisións delegadas (vixilancia), pero non nas comisións de avaliación (corrección).

Lembrámoslle:

- Que as e os **vogais das comisións delegadas** serán nomeados pola CiUG, entre o persoal docente das universidades e o profesorado dos corpos de profesorado de educación secundaria e dos corpos de profesorado de artes plásticas e deseño que, de acordo coa lexislación vixente, poidan impartir docencia nas materias de bacharelato, nun grao superior de formación profesional, nun grao superior de artes plásticas e deseño ou nun grao superior de ensinanzas deportivas, establecidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio. Tamén poderá nomear persoal do corpo de inspección e, de ser necesario, profesorado das escolas oficiais de idiomas, dos conservatorios profesionais ou superiores de música, ou especialistas en necesidades específicas de apoio educativo.

- Que as e os vogais das comisións de avaliación serán nomeados pola CiUG entre o persoal docente das universidades e o profesorado dos corpos docentes e das especialidades que, de acordo coa lexislación vixente, poidan impartir docencia nas materias de bacharelato. Tamén poderá nomear persoal do corpo de inspección e, de ser necesario, profesorado das escolas oficiais de idiomas e dos conservatorios profesionais ou superiores de música.

- Que se abre o prazo para solicitar participar nas comisións delegadas (CD) e nas comisións de avaliación (CA) da proba de acceso á universidade (PAU), convocatoria de 2026.

- Que a inscrición deberase facer de xeito electrónico a través dos formularios aos que se pode acceder desde o enderezo web que figura ao final desta mensaxe. A continuación ofrécese información sobre os distintos cambios que se producen nesta convocatoria de 2026.

No caso de que se desexe participar é necesario ter en conta as seguintes indicacións.

1. As probas e a avaliación dos exames realizaranse nas seguintes datas:

XUÑO	Probas	Días 2, 3 e 4 (martes, mércores e xoves; a tarde do xoves resérvase para posibles incidencias)
	Entrega de exames ás persoas correctoras	Día 5 (venres)
	Data límite para gravar en Nerta as cualificacións dos exames corrixidos	Día 10 (mércores)
	Entrega de exames corrixidos ás direccións de grupo de traballo (Cidade da Cultura)	Dependendo da materia: día 10 ou día 11 (mércores ou xoves)
XULLO	Probas	Días 30 de xuño e 1 e 2 de xullo (martes, mércores e xoves; a tarde do xoves resérvase para posibles incidencias)
	Entrega de exames ás persoas correctoras	Día 3 (venres)
	Data límite para gravar en Nerta as cualificacións dos exames corrixidos	Día 8 (mércores)
	Entrega de exames corrixidos ás direccións do grupo de traballo (Cidade da Cultura)	Dependendo da materia: día 8 ou día 9 (mércores ou xoves)

2. As comisións delegadas constituiranse os luns 1 e 29 de xuño, respectivamente, ás 18.00 horas, nas sedes onde se realizarán as probas.

Os/As vogais das comisións de avaliación deberán asistir obrigatoriamente ás reunións que convocará a dirección do grupo de traballo de cada materia coa finalidade de recibir as instrucións sobre os criterios específicos de corrección (venres 5 de xuño e 3 de xullo, respectivamente, na Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela).

3. O nomeamento de vogais das comisións de avaliación (CA) e comisións delegadas (CD) farase para cada unha das convocatorias.

4. Os/As vogais das comisións delegadas deberán colaborar en todas as tarefas de vixilancia encomendadas pola presidencia da comisión.

5. As retribucións que percibirán os membros das comisións en cada convocatoria para o presente curso son de 455 € para os vogais das CA e de 350 € para os vogais das CD.

6. Na elección de vogais para unha e outra comisión (xuño e xullo), terase en conta dun xeito favorable que o/a solicitante desexe participar en ambas as comisións. Do mesmo xeito, unha vez feitos os nomeamentos, a renuncia a participar nunha das comisións pode facerse extensiva para a outra.

7. Pódese solicitar formar parte da comisión de avaliación das seguintes materias:

Alemán, Análise musical II, Artes escénicas II, Bioloxía, Ciencias xerais, Coro e técnica vocal II, Debuxo artístico II, Debuxo técnico aplicado ás artes plásticas e ao deseño II, Debuxo técnico II, Deseño, Empresa e deseño de modelos de negocio, Física, Francés II, Fundamentos artísticos, Grego II, Historia da arte, Historia da filosofía, Historia da música e da danza, Historia de España, Inglés, Italiano, Latín II, Lingua castelá e literatura II, Lingua galega e literatura II, Matemáticas II, Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais II, Movementos culturais e artísticos, Portugués, Química, Técnicas de expresión gráfico-plástica, Tecnoloxía e enxeñaría II, Xeografía, Xeoloxía e ciencias ambientais.

9. Para formar parte das comisións é imprescindible non incorrer, durante este curso, nalgunha das causas de abstención das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 26 de outubro, de réxime xurídico do sector público (punto segundo do artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro).

2. Son motivos de abstención os seguintes:

a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución poida influír a daquel; ser administrador/a de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado/a.

b) Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados/as, cos administradores/as de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores/as, representantes legais ou mandatarios/as que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes/as para o asesoramento, a representación ou o mandato.

c) Ter amizade íntima ou inimizade manifesta con algunha das persoas mencionadas na alínea anterior.

d) Ter intervido como perito/a ou como testemuña no procedemento de que se trate.

e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou terlle prestado nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar.

10. A inscrición para solicitar a participación nas comisións debe realizarse antes do 6 de febreiro por medio do formulario accesible a través da seguinte ligazón:

FORMULARIO DE INSCRICIÓN

https://forms.office.com/e/4X1tpYGRMF

AREA CARRACEDO IVAN CARLOS - 34977359V

Firmado digitalmente por AREA CARRACEDO IVAN CARLOS - 34977359V
Fecha: 2026.01.08 16:42:37 +01'00'

Iván Area Carracedo
Presidente da CiUG

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS (RXPD 2016/679 e LOPDGDD 3/2018)

RESPONSÁBEL DO TRATAMENTO: Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG);
FINALIDADES DO TRATAMIENTO: A xestión da súa solicitude de participación nas comisións delegadas e de avaliación durante o desenvolvemento das probas PAU, así como a súa tramitación;
LEXITIMACIÓN PARA O TRATAMENTO: O consentimento da persoa interesada (artigo 6.1,a de o RGPD), o cumprimento dunha obrigación legal aplicable ao Responsábel (artigo 6.1,c do RGPD) e o exercicio de poderes públicos conferidos ao Responsábel (artigo 6.1,e do RGPD);
DESTINATARIOS DOS DATOS: As Administracións Públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a xestión da súa solicitude;
PRAZO DE CONSERVACIÓN: Os datos proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coas obrigacións legais do Responsábel;
EXERCICIO DE DEREITOS: As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos a través da Política de Privacidade
CONTACTO PERSOA DELEGADA DE PROTECCIÓN DE DATOS E INFORMACIÓN ADICIONAL: dpd@cisug.gal